



**Concello de Dumbria**

Estrada de Dumbria, s/n 15151 Dumbria - A Coruña

Tlf. 981 744 001

## **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS 2025**

### **Disposicións xerais**

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais para a prestación de servizos e a realización de actividades que complementen ou suplan as atribuídas á competencia municipal; ou que, en xeral contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Concello. Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 294 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local; 40.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais e 23 e seguintes do Regulamento de servizos das corporacións locais; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real Decreto 2225/1993, do 17 de decembro, en canto non se opoña a esta última; Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

### **1.-Obxecto da subvención**

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para as seguintes actividades:

Promoción de actividades culturais e deportivas (desenvolvemento de actuacións culturais e deportivas, e participación en competicións, torneos ou ligas oficiais). O período que se terá en conta para a realización das actividades será dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025.

O tipo de gastos financiados serán estritamente gastos correntes nos que incorran os beneficiarios para o desenvolvemento das súas actividades.

### **2.- Financiamento e destinatarios**

O financiamento desta convocatoria de subvencións efectuarase con cargo á seguinte partida do orzamento municipal para o exercicio 2025: 334.226.09

As entidades subvencionadas deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Dumbria.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Dumbria.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



**Concello de Dumbria**

Estrada de Dumbria, s/n 15151 Dumbria - A Coruña

Tlf. 981 744 001

- Non estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

### **3.- Documentación**

Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitud debidamente cumprimentada no modelo oficial que se facilitará nas oficinas xerais do Concello no que conste a contía da subvención que se solicita.
- b) Fotocopia compulsada do NIF do asinante da solicitud.
- c) Fotocopia compulsada da tarxeta do Código de Identificación Fiscal da entidade e dos estatutos da entidade para o caso das asociacións e demais persoas xurídicas.
- d) Programa ou memoria detallada das actividades que se pretenden realizar e para as que se solicita a subvención (actividades, lugar e data de realización, fins e obxectivos).
- e) Orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para a súa financiación.
- f) Declaración xurada das subvencións solicitadas e/ou concedidas procedentes de calquera administración ou ente público ou privado para a mesma actividade, e obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitud.
- g) Certificación dos datos bancarios da entidade.
- h) Declaración xurada de que se atopan ao corrente nas súas obrigas fiscais en xeral, e en concreto co Concello de Dumbria, e coa Seguridade Social.
- i) Autorización para que o Concello poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; no caso de non dar esta autorización, a entidade deberá presentar os certificados acreditativos xunto coa solicitud e posteriormente coa documentación xustificativa para o cobro.
- j) Declaración do representante da entidade de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En caso de que os documentos esixidos nos apartados b), c) e g) xa estiveran en poder de calquera órgano do Concello de Dumbria, os solicitantes poderán acollerse ao establecido no artigo 53.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se se apreciasen defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días, arquivándose o expediente sen máis trámite de non efectuarse estas.



**Concello de Dumbria**

Estrada de Dumbria, s/n 15151 Dumbria - A Coruña  
Tlf. 981 744 001

#### **4.- Prazo de solicitude**

O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria.

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación sinalada no apartado anterior, deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello.

Se con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes teña que ser exposto algún cambio nos conceptos do orzamento, este deberá ser comunicado e autorizado polo Concello antes da finalización do prazo de xustificación.

#### **5.-Obrigas dos beneficiarios.**

As entidades subvencionadas terán que:

- Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- Xustificar o cumprimento dos requisitos, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- Destinar a subvención exclusivamente aos fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración do destino non autorizada polo Concello.
- O sometemento ás actuacións de comprobación do Concello da efectiva realización das actividades para as que se concede a subvención.
- Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Facilitar tanta información sexa requirida polo Concello, polo Tribunal de Contas ou a Intervención municipal.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- Sinalar en todo tipo de publicidade que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Dumbria.

O logotipo do Concello de Dumbria debe aparecer nas redes sociais e nas páxinas web das entidades subvencionadas, así coma en todas as publicacións, dixitais ou non, que realicen as entidades, relativas á actividade subvencionada.

No caso das entidades deportivas, deberá figurar, así mesmo, nas equipacións oficiais de xogo, tanto o logo do Concello coma o do Territorio Vákner.

Ambos logotipos deben figurar tamén nos vehículos oficiais da entidade subvencionada.



- Cumprir con calquera outra obriga reflectida no artigo 14 da LXS.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pago da subvención ou co seu reintegro.

## **6.- Resolución e valoración**

A concesión das subvencións realizarase mediante un réxime de concorrència competitiva por acordo da Xunta de Goberno, logo de proposta motivada.

A valoración da solicitudes realizarase ponderando as seguintes circunstancias:

- Interese das actividades: ata 20 puntos.
- Número de beneficiarios: ata 10 puntos.
- Adecuación das actividades ao interese municipal: 35 puntos.

## **7.- Documentación para a xustificación**

A documentación necesaria para xustificar a subvención será a seguinte:

1. Declaración ou certificación que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida.

2. Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou pola contra, declaración de non ter outras subvencións ou axudas para o mesmo obxecto.

3. A xustificación dos gastos realizarase coa seguinte documentación:

- a) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante facturas ou nóminas orixinais, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, e os correspondentes seguros sociais.
- b) Os restantes gastos relacionados coa realización de actividades xustificaranse coas correspondentes facturas, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, que cumpran os requisitos do Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado por RD 87/2005, de 31 de xaneiro.

Naqueles supostos en que a natureza da actividade subvencionada e os gastos correntes que xeren o fagan aconsellable, poderase admitir, de xeito excepcional, como xustificante calquera outro documento admitido en dereito (certificado...) que acredite a realización da actividade obxecto da subvención e a aplicación dos fondos recibidos.



**Concello de Dumbria**

Estrada de Dumbria, s/n 15151 Dumbria - A Coruña

Tlf. 981 744 001

As entidades deberán presentar xustificantes pola totalidade dos gastos efectuados para cada unha das actividades subvencionadas. De non ser así, o Concello modificará as contías en proporción ao efectivamente xustificado.

Todos estes documentos xustificativos deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicialmente presenta do, xunto coa solicitude.

## **8.- Lugar e prazo de xustificación**

Unha vez realizada a actividade subvencionada, os beneficiarios disporán de dous meses para a presentación da documentación xustificativa no Rexistro do Concello, sen exceder en todo caso o 1 de marzo de 2026, aínda que se vexa reducido o prazo anteriormente citado.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido, entenderase que desiste da súa petición. Tanto o prazo de presentación de solicitudes coma o de xustificación entenderanse sen prexuízo do prazo de 10 días que se concederá para completar documentación, corrixir defectos ou rectificar datos.

Se non se presentase a xustificación dentro do prazo sinalado, iniciárase por resolución da Alcaldía, o expediente de anulación do correspondente compromiso, ou de reintegro das cantidades percibidas e non xustificadas.

## **9.- Pagamento das subvencións**

Cumpridas as citadas esixencias de xustificación documental, remitiranse os expedientes á Intervención municipal para as comprobacións que proceda facer e a posterior tramitación para a súa aprobación e pago.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

A aprobación da xustificación presentada polos beneficiarios e a ordenación do pago da subvención corresponderá ao alcalde, previo informe de Intervención. Non obstante, o alcalde poderá conceder un anticipo da subvención de ata un 50% da contía concedida, e unha vez que sexan xustificadas os gastos subvencionados procederase, previo informe da intervención, a aboar o 50% restante.



**Concello de Dumbria**

Estrada de Dumbria, s/n 15151 Dumbria - A Coruña  
Tlf. 981 744 001

O importe da subvención reducirase proporcionalmente ós gastos non xustificadas correctamente. O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

## **10.- Reintegros**

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas dende o momento do pago da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da lei 38/2003, xeral de subvencións.

## **11.- Responsabilidade e réxime sancionador**

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 40 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais normas concordantes.

## **12.- Disposición final.**

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 na, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da Lei 9/2007 e nas bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Dumbria correspondente ó exercicio 2025.

Dumbria, 20 de maio de 2025

O ALCALDE

Raúl González Lado